

# **TRABALLO POR PROXECTOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL**



**ENCONTROS PLAMBE**

**Compostela, 8 de abril de 2016**

**Begoña Otero Riobó**

**“Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar”** (Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, art. 11.9)



**Materia de libre configuración autonómica para 1º ou 2º de ESO:**

**[Investigación e Tratamento da Información](#)**

**Proposta de desenvolvemento a través dun curso Moodle**

**Licenza de formación 2015-16**

**Elena López Vara e Begoña Otero Riobó**

# PUNTO DE PARTIDA



Proxectos levados a cabo na materia de Proxecto Interdisciplinar de 1º de ESO:

As danzas tradicionais en Cangas do Morrazo



# PUNTO DE PARTIDA



Trabajo desarrollado na materia de Tecnoloxía en 2º e 3º ESO

En 2º de ESO, o alumnado debe desenvolver un proxecto tecnolóxico, que consiste en construír no taller un obxecto que conteña operadores mecánicos.

En 3º de ESO, o alumnado debe investigar sobre un dos subtemas da Unidade Didáctica “Energía eléctrica. Clasificación de las centrales eléctricas”

# TRABALLO POR PROXECTOS

PREMISAS

EDUCACIÓN  
DOCUMENTAL

APRENDIZAJE  
COOPERATIVO

BIBLIOTECA  
ESCOLAR

EQUIPOS  
COOPERATIVOS


**Na nosa proposta imos entender por Proxecto de Investigación unha estratexia didáctica para que o alumnado desenvolva as competencias ligadas á alfabetización informacional, partindo dun modelo educativo construtivista, de construción de coñecemento, non só de consumo e asimilación do mesmo.**

**A metodoloxía a utilizar será a aprendizaxe cooperativa, seguindo a PERE PUJOLÁS e J. RAMÓN LAGO (coord., 2010), *El programa CA/AC ("Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar")***

# TRABALLO POR PROXECTOS

**EDUCACIÓN  
DOCUMENTAL**

**APRENDIZAXE  
COOPERATIVA**




**Metodoloxía para  
traballar contidos**

**Contido en si  
mesmo**

**A comunidade educativa, cos equipos directivos á cabeza, precisa asumir un modelo de biblioteca entendida como espazo de aprendizaxe no que o profesorado e o seu alumnado se comprometan coa lectura en diversos soportes, con diferentes graos de complexidade, para construír coñecementos dos temas curriculares, do mundo e deles mesmos” (Bernal, Macías e Novoa, coord., 2011, pp.7-8)**



## Segundo a proposta de CID e DOMÍNGUEZ (2008, p. 18), así traballaríamos dende a Biblioteca Escolar do centro:




# **Pasos a seguir nun proxecto de investigación**

- a) Constitución e organización dos equipos cooperativos**
- b) Elección e distribución de temas e subtemas**
- c) Planificación do traballo**
- d) Desenvolvemento do Plan de Traballo**
  - √ **Identificar as necesidades de información**
  - √ **Localizar as fontes informativas**
  - √ **Analizar a información obtida**
  - √ **Interpretar e valorar a información atopada**
  - √ **Organizar e reelaborar a información**
  - √ **Estruturar a información**
  - √ **Reelaborar a información para crear novo coñecemento**
  - √ **Comunicación: presentar os produtos propios**
- e) Avaliación**

**Traballo por proxectos seguindo as premisas da aprendizaxe cooperativa**

**PASOS A SEGUIR:**



1

Elección e distribución de temas e subtemas

PLAN DE EQUIPO	
SUBTEMA DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
NOME E LOGOTIPO DO EQUIPO	

OBXECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprendizaxe cooperativo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓</li> <li>✓</li> <li>✓</li> <li>✓</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Subtema do proxecto de investigación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓</li> <li>✓</li> <li>✓</li> <li>✓</li> </ul>

CARGO DENTRO DO EQUIPO	NOME
Coordinador ou coordinadora	
Secretaria ou secretario	
Responsable do material	
Voceira ou voceiro	

CARGO	RESPONSABILIDADES	SINATURA
Coordinador ou coordinadora	<ul style="list-style-type: none"> <li>Modera as actividades: controla que se seguen os pasos da estrutura establecida e do Plan establecido</li> <li>Sube as actividades á Aula Virtual</li> </ul>	
Secretaria ou secretario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Controla o ton de voz</li> <li>Custodia o Caderno de Equipo</li> <li>Enche os formularios do Caderno de Equipo</li> </ul>	
Responsable do material	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coida o material do equipo</li> <li>Asegúrase de que todo queda recollido e no seu sitio</li> <li>Controla que non se perda o tempo</li> </ul>	
Voceira ou voceiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>É o voceiro do equipo ante o profesorado e ante o grupo-clase</li> </ul>	

Constitución e organización dos equipos cooperativos

## **Desenvolvemento do Plan de Equipo: Educación Documental**

**O Plan irase desenvolvendo seguindo a distribución de tarefas establecidas, os tempos estipulados e tendo en conta os obxectivos previstos; contando, ademais, coas sucesivas revisións do Plan de Equipo.**


# **Educación Documental**

**Con todas estas decisións tomadas, para iniciar o traballo de investigación, cada equipo seguirá os pasos seguintes:**

- **Identifica as necesidades de información**
- **Localiza as fontes informativas**
- **Analiza a información obtida**
- **Interpreta e valora a información atopada**
- **Organiza e reelabora a información**
- **Estrutura a información**
- **Reelabora a información para crear novo coñecemento**
- **Presenta e comunica o seu produto**

# Educación Documental

Modelo de referencia ideado por Gloria Durban e Anna Blasco (2011)



DURBAN ROCA, G., CID PROLONGO, A. e GARCÍA GUERRERO, J. (2012) Programas para el desarrollo de la competencia informacional articulados desde la Biblioteca Escolar. <http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/abaco-portlet/content/9e344cda-a851-46bb-b6e1-07aced30d800>

# Aspectos que temos en conta na Educación Documental

Estes pasos forman parte do traballo para o desenvolvemento da competencia informacional. É dicir, o alumnado terá que...:

- ...localizar a información acudindo a distintas fontes de información en diversos soportes;
- ...analizar, interpretar e valorar a información obtida;
- ...organizar, reelaborar e estruturar as ideas;
- ...tratar de responder ás preguntas formuladas;
- ...elaborar un guión (que nos queren contar); escoller un formato para presentar as súas ideas aos demais grupos.




...

- ✓ **Ademais, deberá aprender a citar fontes, facer unha bibliografía e coñecer os dereitos de autor.**
- ✓ **Así como coñecer as posibilidades e riscos que nos ofrece a web 3.0., xa que usaremos as TIC para buscar información, crear e compartir o noso coñecemento.**

# EDUCACIÓN DOCUMENTAL E O RECOÑECEMENTO DA AUTORÍA

Respecto á autoría dos outros



Respecto á nosa propia autoría

Tipos de  
licenza de  
autor

Como buscar na  
rede material  
con licenza para  
compartir

Citas,  
referencias,  
bibliografía,  
webgrafía...

# EDUCACIÓN DOCUMENTAL E TIC

**Busca de información:**  
Motores de busca  
Buscadores de imaxes, vídeos, sons,...

*Netiqueta*

**Elaborar coñecemento cooperativamente (informe da investigación):**  
Google Classroom  
Google Drive...

*Riscos das redes sociais*

*Seguridade e Privacidade*

**Selección e almacenamento da información:**  
marcadores sociais

**Comunicar o coñecemento:**  
murais dixitais  
Vídeos  
Presentacións de diapositivas  
Blogs...

# AVALIACIÓN

QUE IMOS AVALIAR

Traballo en equipo a nivel individual

Traballo en equipo a nivel de grupo

O proceso de investigación

Grella de observación

Análise do grupo xunto co profesor

Cuestionarios e actividades

REVISIÓN DO PLAN DE EQUIPO

CUALIFICACIÓN


CUALIFICACIÓN

CUALIFICACIÓN

Media ponderada:  
CUALIFICACIÓN GLOBAL DO ALUMNO/A

# Traballo por proxectos seguindo as premisas da aprendizaxe cooperativa

## PASOS A SEGUIR:



**GRAZAS POLA VOSA  
ATENCIÓN**

**Begoña Otero Riobó  
IES Monte Carrasco (Cangas)  
mbor@edu.xunta.es**